

DEBEZOS, DE AVELINO DÍAZ É O PRIMEIRO POEMARIO IMPORTANTE PUBLICADO EN LINGUA GALEGA DESPOIS DA GUERRA

Debezos, de Avelino Díaz, se terminó de imprimir el día 4 de julio de 1947 en la imprenta José Rosenbaum, Gral. Urquiza 42, Buenos Aires, xusto vinte (20) días antes de que vise a luz *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, tal e como se constata na contraportada das edicións orixinais dos dous libros.

Ricardo Carballo Calero, na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, di textualmente que *Cómaros verdes (1947)* é o primeiro libro importante de poesía galega aparecido despois de 1936. *Cómaros verdes* aparece datado en Vilagarcía de Arousa, na imprenta Celta, na *véspera do Día de Galicia e de Santiago de 1947*.

Pendientes da negociación do impreciso concepto de *importante* empregado por Carballo Calero, pero unha vez contrastada –de xeito moi recente, precisamente por nunca ter sido obxecto dun estudo miúdo–, a súa incuestionable calidade poética, *Debezos* debe ser considerado un poemario galego *importante* da posguerra previo aos *Cómaros verdes*, deixando sen valor así a afirmación de Carballo Calero.

En Galicia é difícil falar de publicación ningunha de relevancia antes dos *Cómaros verdes*. En América non sucede exactamente o mesmo porque, sen ir máis lonxe, o *Sempre en Galiza* de Castelao viu a luz en 1944. En territorio galego os primeiros libros en lingua galega publicados na década dos anos 40 son reedicións. En 1941 a editorial Galí, de Santiago, reedita os *Cantares gallegos* de Rosalía; de Rosalía tamén reaparece en Madrid a súa *Obra poética* en 1942, 43 e 44, e en 1947 as *Obras completas*. En 1943 reedítanse en Madrid *Aires da miña terra* e *O divino sainete*, de Curros.

En canto ás publicacións editadas por primeira vez, en 1941 o Caderno de Poesía Albor (Pamplona) recolle *Seis canciones de mar "in modo antico"* de Filgueira Valverde; en Lugo sae publicada a zarzuela de Xosé Trapero Pardo *Non chores, Sabeliña* (1943); en 1946 aparecen dous poemarios: *Brétemas mariñás* de C. Luís Crespo, e *Soaces dun abade* de M. Piñeiro Groba. Neste ano de 1946 aparece outra reedición (a 4ª), en Lugo, do libro *Do ermo* de Noriega Varela, co gallo dunha homenaxe organizada por Trapero Pardo e Leal Insua.

Nestes anos aparecen revistas culturais, sendo as máis interesantes: *Finisterre* (1943), *Sonata Gallega* (1944), *Gelmírez* (1945).

En América, e no que se refire estritamente ao xénero poético, están datadas en Buenos Aires, antes do *Debezos* de Avelino Díaz, algunhas obras que mantiveron viva a produción poética en galego nunha época extremadamente difícil.

A gaita a falare. Lembranzas e maldicións (1939), de Ramón Rey Baltar, é o primeiro libro galego da posguerra. Está centrado na Guerra Civil e é precursor da poesía de denuncia. Emilio Pita publicou en 1942 *Jacobusland*, que mostra tamén a traxedia da Guerra Civil. Trátase do primeiro libro do autor de nova creación publicado en galego despois da guerra e o único que conta con ilustracións de Castelao en América. É un claro antecedente do que despois será considerada

poesía social e de denuncia. O propio Emilio Pita publicou en 1944 *Cantigas de nenos*, de regra o primeiro libro escrito pensando para nenos/as despois da guerra.

En 1943 apareceu en México o volume colectivo, promovido polo Partido Galeguista, titulado *Cancioneiro da loita galega*. Lorenzo Varela publica en 1944 *Catro poemas para catro gravados*. Son poemas sobre María Pita, Roi Xordo, o bispo Ataúlfo e María Balteira, que figuran no álbum de gravados de Luís Seoane coñecido co título de *María Pita e tres retratos medievais*.

Así pois, e sen entrar a valorar ningunha das obras que aparecen aquí referidas, nin outras que quedan no tinteiro, volvendo considerar o adxectivo *importante* como concepto absolutamente subxectivo, non cabe dúbida de que vinte días antes do *importante* poemario *Cómaros verdes*, apareceu o tamén *importante* poemario *Debezos*, de Avelino Díaz.

Cómaros verdes supón a madurez poética de Iglesia Alvariño. Contén 42 poemas, compilados de tres lustros, influenciados por diferentes correntes como o neotrobadorismo, o paisaxismo, o hilozoísmo ou o clasicismo.

Debezos supón, tamén, a madurez poética de Avelino Díaz, contén 63 poemas, é produto dun traballo de dúas décadas e divídese en tres partes. “**Terra a Nosa**”, consta de trinta e dous poemas monotemáticos sobre Galicia que reflicten o profundo amor, a señardade, a morriña..., e por encima de todo, o compromiso que Avelino sentía pola súa Terra. Nesta parte, combínanse poemas de lírica intimista, tales como “**Galicia**” e “**Miña Patria**”, que amosan os sentimentos que lle producen as lembranzas dos anos de nenez e xuventude vividos na Terra, con outros de enérxica denuncia da inxustiza que padecía Galicia, así como un claro chamamento á rebeldía e á loita contra ela; “**Érguete pobo**”, “**A loita**”, “**Caciques**”... son exemplos desta temática. A dor e a desventura da emigración están presentes en poemas, como “**Nai chorosa**” ou “**Angustias**”. A saudade e a morriña, que debeu acompañalo toda a vida, reflíctense en títulos como “**Anduriñas**”, “**As xestas**”... Tamén dedica dous poemas a loar as figuras lendarias do mariscal Pardo de Cela e dos heroes de Carral.

A segunda parte é unha colección de vinte e un poemas reunidos baixo o título de “**Íntimas**”, de temática variada, que deixan ver a personalidade de Avelino, home sinxelo, humilde, bo e xeneroso, que valora por enriba de todo a liberdade, a dignidade, o amor e o agarimo familiar.

Finalmente, a terceira parte consta de trece poemas agrupados, baixo o título de “**Recanto nativo**” nos que o autor lembra e gaba a Terra que o viu nacer, títulos como “**Meira**”, “**Río Miño**”, “**Serra de Meira**”, son algúns exemplos. Velaí este pequeno poema que reflicte o que para el significaba a súa terra natal.

Conclusión:

O feito de que *Debezos* sexa sistematicamente esquecido nas referencias ás publicacións que posibilitaron a recuperación da poesía galega na posguerra débese, exclusivamente, a un dato constatable: Avelino Díaz foi un emigrante que deixou a Terra a comezos dos anos 20, sen que nunca volvесе pisala. Ao tempo, os seus libros autoeditados non son nada máis que unha mostra da súa humildade e da ausencia de pretensión ningunha de notoriedade. Con só catro libros da súa

autoría, e con infinidade de colaboracións nos medios escritos de Buenos Aires – algúns dirixidos por el–, só os medios materiais dos que se dispoñería se lle fose outorgado un Día das Letras permitirían localizar e publicar os máis de 850 poemas que deixou escritos e que están pendentes de saír á luz pública (están contabilizados un total aproximado de 1.178 poemas da súa autoría, o cal supón unha produción monumental), así como a súa inxente obra xornalística.